

RECOMENDACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA GALEGA NO ANO 2020

O Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), de acordo co artigo 3 da Lei 5/2008 de 23 de maio, ten como unha das súas funcións esenciais a de: *“fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución Española, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial”*.

O Consello, desde a súa creación en 1988, presta unha especial atención a esta materia consciente da súa importancia como elemento vertebrador das relacións laborais dun país, da súa contribución á paz social, ao crecemento económico, á mellora do emprego e da súa calidade e á cohesión social.

Nos últimos anos, pese á vixencia expresa de convenios colectivos plurianuais e a cobertura da ultraactividade que manteñen moitos convenios, obsérvase unha insuficiente evolución da negociación colectiva galega. O compromiso coa negociación colectiva, a certeza das súas bondades e a preocupación pola redución cuantitativa e cualitativa de procesos negociadores e convenios colectivos, levou ao pleno do Consello Galego de Relacións Laborais a aprobar durante os últimos anos recomendacións entre outras cuestións, para axilizar a constitución das mesas, fomentar a utilización do AGA como ferramenta para solventar atrancos que xurdiran, e fomentar o aproveitamento do apoio que dende o CGRL se dá á negociación colectiva e en particular dende a Comisión Consultiva en materia de igualdade, así como suxerindo temas e cuestións tanto materiais como procedimentais a ter en conta polas partes na negociación.

A situación actual mudou radicalmente dende hai uns poucos meses coa aparición do COVID-19 e as consecuencias que sobre o emprego e as relacións laborais está a ter, circunstancia que o Observatorio de Negociación Colectiva, na súa xuntanza do 10 de xuño de 2020, tivo en conta para a aprobación unánime, por delegación do Pleno do Consello, da seguinte **RECOMENDACIÓN** cara á negociación colectiva:

1º. Co debido respecto á autonomía das mesas negociadoras de cada convenio, ás particularidades de cada proceso negociador e ás dificultades que poidan xurdir en cada caso concreto, recoméndase a constitución das mesas de negociación dos convenios colectivos que se atopen denunciados e que corresponda negociar este ano, tendo en conta a situación e afectación á empresa e/ou ao sector da actual crise provocada polo COVID-19. **No caso de que as partes así o consideren, recoméndase constituir coa maior axilidade as mesas de negociación dos convenios colectivos.** A estes efectos, sería conveniente acordar, unha vez constituída a mesa, un calendario de xuntanzas,

non excesivamente dilatadas no tempo e que sirva como elemento dinamizador e de estímulo dos procesos negociadores, sen prexuízo da posibilidade de rexistrar os acordos parciais que se vaian acadando.

2º. Na negociación dun convenio colectivo resulta inevitable en ocasións que se produzan discrepancias, diferenzas, problemas ou atrancos que poden levar a bloqueos ou parálises na negociación, e máis nas actuais circunstancias. Galicia conta cunha ferramenta potente, o **AGA**, da que se dotaron os interlocutores sociais galegos no ano 1992, que se amosa especialmente axeitada para ofrecer pola vía da mediación ou da arbitraxe solucións rápidas, imaxinativas e eficaces aos problemas que poidan xurdir. Neste sentido, o Observatorio de Negociación Colectiva do Consello recomenda ás partes negociadoras dos convenios colectivos facer uso desta ferramenta a través dos formularios de solicitude de mediación ou arbitraxe, que se poden atopar no portal web do Consello, no seguinte enlace <https://www.cgri.gal/aga-2/modelo-de-solicitudes/>

3º. Así mesmo, aconséllase ás partes o aproveitamento do apoio que está a prestarse desde o **Consello** ás mesas negociadoras dos convenios, **quen pon á súa disposición** persoal xurídico e técnico, instalacións e demais medios para axudar ao desenvolvemento das negociacións. Particularmente, son actuacións que se poden demandar e que teñen a súa canle natural no Consello, entre outras:

- a colaboración coas partes a través da conciliación e mediación
- a convocatoria de xuntanzas
- o funcionamento do organismo como sede de comisións paritarias
- a elaboración de actas das xuntanzas
- os trámites de rexistro e depósito no REGCON (rexistro telemático oficial de acordos e convenios colectivos), previa delegación no persoal do organismo,
- un amplo abano de cláusulas tipo
- a tradución ao galego dos textos dos convenios sectoriais.

4º. En materia de **igualdade** e non discriminación, está adscrita organicamente ao Consello a *Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva*, órgano de asesoramento, control e promoción da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas, que ten a facultade e a capacidade de asesorar sobre a redacción de cláusulas que promovan a igualdade e removan discriminacións directas e indirectas por razón de xénero. A devandita Comisión aprobou en 2019 unha nova edición da

Guía de boas prácticas en materia de igualdade na negociación colectiva, actualizada de acordo coa nova normativa na materia, cuxo coñecemento e utilización recoméndase como medio para a tan necesaria mellora dos contidos en igualdade dos convenios colectivos sectoriais e de empresa. A dita guía pode descargarse na web do Consello.

5º. En materia de **ultraactividade**, durante o proceso negociador e antes do remate daquela, o Observatorio de Negociación Colectiva do Consello recomenda lembrar que poden acordarse prórrogas da vixencia do convenio, que deben ser obxecto de rexistro e depósito no REGCON para a súa posterior publicación.

6º. Recoméndase sinalar no texto do convenio colectivo ao Consello Galego de Relacións Laborais como sede da **comisión paritaria**, o que garante que calquera escrito ou convocatoria que se dirixa a esta remitirase con axilidade aos seus integrantes polo persoal do organismo. En todo caso, é unha obriga legal sinalar un domicilio da comisión paritaria a efectos de notificacións. Do mesmo xeito, a remisión ao AGA, como mecanismo para solucionar as discrepancias que se produzan nas comisións paritarias nos procesos de inaplicación de convenios colectivos, dá cumprida satisfacción ao contido mínimo esixido no artigo 85 do Estatuto dos Traballadores.

7º. Aconséllase a correcta cumprimentación das **follas estatísticas** unha vez finalizada a negociación do convenio colectivo. O Consello conta cunha base de datos dos CNAES, persoas traballadoras afectadas e a súa composición de sexos para subministrar ás persoas negociadoras que o soliciten.

8º. Para a mais áxil xestión dos trámites de depósito, rexistro e publicación dos convenios colectivos, recoméndase engadir á Acta final dos textos unha folla de sinaturas –que permita identificar debidamente ás persoas asinantes- requisito imprescindible para que os organismos competentes validen os tramites anteditos.

9º.- Recoméndase ás mesas negociadoras facer un esforzo especial para actualizar os contidos dos convenios e acordos que, máis aló da adaptación á legalidade, deberían ser modificados para responder as necesidades reais actuais das empresas e das persoas traballadoras, máis nas actuais circunstancias que requirirán solucións e ferramentas novas e que dean resposta a unha nova realidade. Neste sentido, ademais, enténdese interesante o tratamento polas mesas negociadoras, entre outros, de temas como a prevención de riscos laborais, especialmente con perspectiva de xénero, e a

desconexión dixital, os sistemas empresariais de control e, en xeral, as novas tecnoloxías en todo o que poidan mellorar ou afectar aos postos de traballo.

A negociación colectiva emerxe como o instrumento imprescindible para unha implantación e promoción do teletraballo dunha forma controlada, regulada e con garantías de que se respectan todos os dereitos.

O teletraballo debe ser unha oportunidade para as empresas e para os traballadores e traballadoras, e unha ferramenta real que facilite a conciliación da vida laboral e familiar e a produtividade das empresas.

Desde o portal web do Consello poden consultarse os boletíns e informes sobre a situación da negociación colectiva galega, o enlace para o rexistro de convenios, o formulario de solicitude para determinar o ámbito de aplicación dun convenio colectivo, así como a información normativa e xurisprudencial relativa á materia. Ademais, está a disposición do público en xeral, na páxina web do Consello, unha base de datos de laudos de eleccións sindicais.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2020